

PRESENTACIÓN DE *ELECTRÓNICA APLICADA*

X En que consiste o módulo:

- Manexo da instrumentación do laboratorio de electrónica. Montaxe e comprobación de circuitos.
- Manexo do software de simulación (Ltpice, Constructor virtual de circuitos,...)
- Principios e regras básicas da electricidade, a electrónica e o electromagnetismo.
- Compoñentes electrónicos básicos: resistores, bobinas e condensadores. Resolución de circuitos electrónicos con compoñentes básicos en corrente continua e alterna.
- Compoñentes electrónicos semicondutores: diodos e transistores.
- Amplificadores operacionais. Circuitos de aplicación.
- Introducción á electrónica dixital. Deseño de circuitos con portas lóxicas.
- Bloques combinacionais en escala de integración media (MSI).
- Sistemas secuenciais.
- Circuitos microprogramables.

X Asistencia a clase:

- Co **10%** de faltas non xustificadas perda do dereito a avaliación continua (**lei**).
- Controlarase a asistencia a diario.

X Actitude na clase:

- EXIXIRASE o comportamento e o respecto. Rquerirase puntualidade e valorarase a participación activa nas clases.
- Darase atención especial a actitude no taller de prácticas pola necesidade de adquirir unha actitude profesional.

X Probas escritas:

- Todas as probas terán teoría (test, preguntas curtas...) e problemas.
- Haberá **dúas probas parciais** por avaliación.
- As probas parciais **non** son obxecto de recuperación.
- No caso de que un alumno ou alumna non asista a un exame parcial, terá que presentarse ao exame final da avaliación con todo o contido da avaliación.
- Coincidindo coa data do último parcial de cada avaliación o alumnado terá a opción de ir a unha **proba final de avaliación**.
- Mínimo de 3,5/10 en cada parcial para poder facer media dos parciais e 5/10 no final para poder aprobar a avaliación correspondente.

X Probas escritas de recuperación:

- Un exame de recuperación **por avaliación**, farase á volta das vacacións correspondentes, como moito na terceira semana. No caso da terceira avaliación trala mesma e antes da avaliación final.
- Un exame final de recuperación cos contidos de todo o curso entre a terceira avaliación e a avaliación final.

X Prácticas e traballos:

- A realización de todas as tarefas propostas é obrigatoria, e a entrega das memorias ou realizacións correspondentes tamén. As entregas que non sexan en papel faranse a través da aula virtual.
- Cada práctica ou traballo recibirá unha cualificación sobre 10 puntos.
- Se a cualificación é inferior a 3,5 deberase repetir a memoria e/ou a práctica segundo corresponda.
- Os traballos e prácticas recuperados poderán ter unha cualificación máxima de 6 puntos.

X Avaliación ordinaria trimestral:

- A **cualificación de probas escritas** da avaliación trimestral será unha media ponderada das cualificacións dos parciais.

Para o alumnado que vaia á proba final a cualificación será a da proba final.

- A **cualificación de prácticas e traballos** da avaliación trimestral será unha media ponderada das Cualificacións das prácticas e traballos.

- **Para poder aprobar a avaliación é imprescindible ter aí menos unha cualificación de 5/10 nas probas escritas e nas prácticas e traballos.**

- A **cualificación final da avaliación** será unha media ponderada cos seguintes pesos:

X Cualificación de probas escritas.....75%

X Cualificación de prácticas e traballos.....25%

- O redondeo da cualificación trimestral só se fará ao enteiro superior cando a parte decimal sexa igual ou superior a 7.

X Avaliación final ordinaria:

- A cualificación final ordinaria será unha media aritmética das cualificacións trimestrais sen redondear.
- O redondeo da cualificación final farase ao enteiro superior cando a parte decimal sexa igual ou superior a 5.

X Avaliación extraordinaria:

- Unha ou varias probas escritas.
- Unha ou varias probas prácticas.

X **Material:**

- Seguiranse apuntes proporcionados polo profesor, ben en soporte informático ben tomados polo alumnado nas clases.
- O alumnado deberá dispoñer de unha memoria USB ou dun espazo de almacenamento na nube que conterá os arquivos das simulacións, as memorias das prácticas, os ficheiros resultado do software empregado... **(facede copias de seguridade, é a vosa responsabilidade telo todo gardado).**
- Calculadora a diario e nas probas escritas.

X **Bibliografía:**

- Circuitos eléctricos. Primer contacto (Anaya).
- Electrónica aplicada (Paraninfo).

X **Docente:**

- Daniel López Díaz.
- daniel.lopez@edu.xunta.gal